



Concello de **OURENSE**

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 24 de outubro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 04 de outubro, elaborado pola titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto nº 2017002712 de 18/04/2017), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita polo Concelleiro Delegado de Promoción Económica, Recursos Europeos e Formación Ocupacional, mediante providencia de data 29 de setembro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 29-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N230.2410.13100	Persoal lab. temporal Formación Ocupacional	28.124,96 €

TOTAL..... 28.124,96 €

ORIXE DOS FONDOS

<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45073	Subv. Xunta Programa Orientación Laboral	28.124,96 €

TOTAL..... 28.124,96 €

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17.2.11.05

Título: Programa Orientación Laboral

Importe: 47.735,82 €

Período de execución: 01.02.2017 / 31.01. 2018

Aplicacións orzamentarias de gasto:

N230.2410.13100 Persoal laboral temporal Formación Ocupacional 35.369,94 €

N230.2410.16000 Cota patronal S. Social Fomento do emprego 12.365,88 €

Financiación:

Subv. Xunta Programa Orientación Laboral (concepto de ingresos 45073): 28.124,96 €

Concello de Ourense (recursos propios):19.610,86 €

Axente: Xunta de Galicia (S1511001H)

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.